



## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

#### Augas de Galicia

#### Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico

*Anuncio de sometemento ao trámite de información pública ás solicitudes dunha concesión de augas superficiais para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no río Tambre, concellos de Brión, Negreira, Lousame, Rois e Noia, A Coruña (AC/6/178)*

#### ANUNCIO

En cumprimento do disposto no artigo 109 do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, Augas de Galicia somete ao trámite de información pública as solicitudes e documentación técnica achegada polos participantes no concurso de clave AC/6/178 que se mencionan no anexo, aos efectos do seu coñecemento xeral, co fin de que aquelas persoas naturais ou xurídicas que se consideren afectadas nos seus dereitos poidan formular, por escrito, cantas alegacións, observacións, suxestións e reclamacións estimen procedentes, persoalmente ou por medio do seu representante con poder suficiente, e que poderán presentarse por calquera dos medios recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dentro do prazo de 20 días hábiles, que comezará a computarse a partir da data de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

Para os expresados efectos, estará dispoñible unha copia da petición e un exemplar da documentación técnica achegada por cada participante no concurso para que poidan ser examinados nas dependencias administrativas de Augas de Galicia, sitas na rúa Tomiño, 16, baixo, 15703 Santiago de Compostela, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para o que deberá solicitar cita previa en calquera dos teléfonos seguintes: 981 543 961, 981 545 345 ou 981 545 476, así como nas dependencias dos Concellos de Brión, Negreira, Lousame, Rois e Noia e na páxina web deste Organismo de conca <http://augasdeg Galicia.xunta.gal> (na sección denominada Participación Pública).

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2023

O subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico

Roberto Arias Sánchez

## ANEXO

Peticionario:	Green Capital Power, SL
Concellos afectados:	Brión, Negreira Lousame e Rois
Provincia:	A Coruña
Denominación:	Central hidroeléctrica de bombeo reversible
Masa de auga afectada:	Encoro Barrié de la Maza (ES.014.MR.204.000.05.00)
Obxecto:	Producción de enerxía eléctrica
Tipo:	Central hidroeléctrica reversible
Caudal de captación máximo solicitado (m <sup>3</sup> /s):	121,80
Salto bruto máximo (m):	326,20
Tipo de central:	Subterránea
Enerxía almacenada (GWh):	2,32
Número de unidades bomba-turbina:	2
Tipoloxía bomba-turbina:	Francis de eixo vertical reversible
Potencia máxima ciclo de turbinado (MW):	339,48
Potencia máxima ciclo de bombeo (MW):	339,50
Caudal total turbinado (m <sup>3</sup> /s):	121,80 (2 x 60,90)
Caudal total bombeado (m <sup>3</sup> /s)	93,30 (2 x 46,75)
Prazo de execución previsto (anos):	4,3
Orzamento de execución material (€):	234.064.719,35

**\* Afeccións:**

Non se efectuou solicitude de declaración de utilidade pública do aproveitamento hidroeléctrico aos efectos de expropiación forzosa nin a imposición de servidumes.

Peticionario:	Espiral Renovables, SL
Concellos afectados:	Brión e Noia
Provincia:	A Coruña
Denominación:	Central Hidroeléctrica de Bombeo Reversible Tambre Sur
Masa de auga afectada:	Encoro Barrié de la Maza (ES.014.MR.204.000.05.00)
Obxecto:	Producción de enerxía eléctrica
Tipo:	Central hidroeléctrica de bombeo reversible
Caudal de captación máximo solicitado (m <sup>3</sup> /s):	128,19
Salto bruto máximo (m):	392,00
Tipo de central:	Subterránea
Enerxía almacenada (GWh):	2,62
Número de unidades bomba-turbina:	2
Tipoloxía bomba-turbina:	Francis de eixo vertical reversible
Potencia máxima ciclo de turbinado (MW):	420,66
Potencia máxima ciclo de bombeo (MW):	420,66
Caudal total turbinado (m <sup>3</sup> /s):	128,19 (2 x 64,10)
Caudal total bombeado (m <sup>3</sup> /s)	94,00 (2 x 47,00)
Prazo de execución previsto (anos):	5,75
Orzamento de execución material (€):	359.006.236,68

**\* Afeccións:**

Non se efectuou solicitude de declaración de utilidade pública do aproveitamento hidroeléctrico aos efectos de expropiación forzosa nin a imposición de servidumes.